

## ANUNCIO

Transcríbese a continuación a resolución de alcaldía de data 24/02/2022 donde consta a relación provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura temporal de postos de auxiliar de axuda no fogar:

“EXPEDIENTE: 4748/2021

**ASUNTO: RELACIÓN PROVISIONAL ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS PROCESO SELECTIVO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DE POSTOS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR**

**DOCUMENTO: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2022 aprobáronse, entre outros, as bases que rexen a convocatoria do proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de postos de auxiliar de axuda no fogar.

O anuncio e bases da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27 de data de 09 de febreiro de 2022, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.

O 23 de febreiro de 2022 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte no proceso selectivo, ó que se presentaron un total de 12 solicitudes.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos na base 4ª desta convocatoria, procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Declarar provisionalmente admitidas no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2022, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de postos de auxiliar de axuda no fogar, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada na base 5ª das que rexen este procedemento:

Nº	DNI	NOME	PROBA GALEGO
1	3328*	ANA ISABEL HERM*	EXENTO
2	X1398*	FATIMA DOS SANTO*	EXENTO
3	3530*	INMACULADA VEST*	EXENTO
4	7696*	ISABEL LOSAD*	EXENTO
5	5348*	JOSE ANTONIO CES*	EXENTO
6	529*	MARIA FERNANDEZ*	EXENTO
7	7696*	MARIA JOSE ROMER*	EXENTO
8	524*	Mª BEATRIZ FERNANDE*	EXENTO
9	332*	PURIFICACION SABORIDO*	EXENTO



**Segundo.-** Declarar provisionalmente excluídas no concurso-oposición convocado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 02 de febreiro de 2022, que rexe o procedemento de proceso selectivo para a confección dunha bolsa de emprego para a cobertura temporal de postos de auxiliar de axuda no fogar, ás seguintes persoas aspirantes polos seguintes motivos de exclusión:

Nº	DNI	NOME	MOTIVO DA EXCLUSIÓN
1	534*	OLGA NOYA FE*	Titulación
2	Y13*	ROSA ESTER CASTR*	Titulación
3	5348*	SORAYA CARBAL*	Solicitud fora de prazo

**Terceiro.-** Facer pública, mediante a súa inserción na páxina web do concello [www.boiro.org](http://www.boiro.org) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedendo ás persoas interesadas un prazo de CINCO (5) días hábiles a contar dende o día seguinte ó da súa publicación para a emenda dos posibles defectos e omisións na documentación presentada.

Disporán do mesmo prazo de reclamación as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude de participación no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na relación publicada.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduza que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Cuarto.-** Dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, á data que figura na marxe esquerda.

O secretario do Concello de Boiro

